



O Concello de Bueu publica as listaxes de persoas admitidas e de agarda para o programa “Concilia Bueu 2024”, que se desenvolverá do 24 de xuño ao 6 de setembro.

A efectos de informar sobre a organización e xestión do programa, convócase a todos os pais/nais dos nenos/as admitidos/as a unha REUNIÓN, que terá lugar **O XOVES 20 DE XUÑO DE 2024, ÁS 19.00 HORAS, NO CENTRO SOCIAL DO MAR.**

As admitidas/os deberán aboar o pago correspondente que será o seguinte:

1º quenda: do 24 ao 28 de xuño de 2024.....12,5 €

2º quenda: do 1 ao 31 de xullo de 2024.....50 €

3º quenda: do 1 ao 31 de agosto de 2024.....50 €

4º quenda: do 2 ao 6 de setembro de 2024.....12,5 €

Para realizar o pagamento débese recoller o recibo na Oficina de Xestión Tributaria do Concello de Bueu (Eduardo Vincenti 51, Bueu) A PARTIR DO MÉRCORES 19 DE XUÑO e realizar o seu pago nunha entidade bancaria. O recibo estará a nome da nai/pai/titor/a que presentou a solicitude.

No caso no que sexa outra persoa distinta ao solicitante a que recolla o recibo deberá aportar DNI orixinal da persoa solicitante ou fotocopia do DNI da solicitante e unha autorización asinada.

A copia do recibo pagado deberá xuntarse xunto coa copia da tarxeta sanitaria da/o menor, a autorización de imaxe e a ficha de datos complementarios e presentar no Rexistro Xeral ou na sede electrónica do Concello de Bueu.

O servizo de comedor deberá xestionalo cada familia interesada coa empresa Arelas Catering e ten un custe de 5 €/día, que deberán pagalo por anticipado. O menú está composto por un primeiro e segundo prato, sobremesa (iogur ou froita) pan e auga. As persoas que vaian facer uso deste servizo na primeira quenda (do 24 ao 28 de xuño) que contacten canto antes co servizo de catering para que poidan ter as previsións de asistentes. Contacto: 986 408 151 ou calidad@arelas.es.